

**Xesús Veiga**

## **Retorno do bipartidismo?**

*praza.gal*, 16 xuño 2023.

Dende o pasado 28 de Maio, unha pantasma percorre o escenario político do Estado español: o retorno do bipartidismo. Que verosimilitude ten semellante hipótese? E, no seu caso, cal sería a dimensión real dese eventual cambio?

Obviamente, teremos respostas mais concretas e definitivas o vindeiro 24 de Xullo. Poren, pódense formular algunhas consideracións previas sobre esta cuestión.

Comecemos polo mais evidente. **Ate os anos 2014/2015 existía unha tendencia dominante nos resultados que proporcionaban as urnas: PSOE e PP acadaban sempre a condición de primeira forza -nalgúnhas ocasións con maioría absoluta- e, cando era necesario, complementaban os apoios parlamentares con CiU e PNV.** A presenza significativa de forzas como IU e BNG non resultaban, habitualmente, determinantes na conformación das maiorías requiridas para a investidura dos sucesivos candidatos presidenciais. Durante ese amplo período de tempo falouse da presenza dun "bipartidismo imperfecto" para significar que, a pesar de non existir gobernos de coalición, socialistas e populares necesitaban -nalgúnhas lexislaturas- pactos parlamentares relevantes, con forzas nacionalistas da periferia, para dirixir a Administración central do Estado.

A partir dos comicios xerais de Decembro do 2015, rexístranse importantes cambios no mapa político estatal. Os dous grandes partidos tradicionais experimentaron unha notábel redución nos seus apoios electorais mentres **apareceron dúas novas formacións - Podemos e Ciudadans- que acadaron unha inédita representación no Parlamento estatal.** Ao mesmo tempo, as substantivas mudanzas operadas no escenario catalán provocaron a desaparición de CiU como forza dispoñíbel para pactos de lexislatura no Congreso e o xurdimento dunha formación independentista -Junts- que xestionou a herdanza do "pujolismo" dunha forma moi diferente á que viña realizando anteriormente e, xa que logo, imposibilitou ou dificultou seriamente a conformación de maiorías de gobernabilidade a nivel estatal.

**Nalgúns momentos do período transcorrido entre 2015 e 2019 acadaron maiores doses de credibilidade algunhas hipóteses nunca contempladas na política do Estado español: o "sorpasso" de Podemos ao PSOE e o de Ciudadans ao PP.** Téñense publicado moitas análises sobre os factores explicativos de semellante fenómeno. En case todas elas, figuraban tres denominadores comúns: o desgaste derivado das graves consecuencias sociais asociadas á crise financeira dos anos anteriores; a perda de prestixio da elite política dominante debido aos abondosos casos de corrupción e o impacto causado pola dinámica de conflitividade rexistrada en Cataluña por mor das diverxencias a respecto do seu status no ordenamento constitucional estatal.

Finalmente, semellantes hipóteses non se confirmaron. O PSOE de Pedro Sánchez aguantou a presión grazas a unha liña de actuación mais acorde coas mellores prácticas da historia da socialdemocracia e mais respectuosa coas demandas que se formulaban dende os espazos nacionalistas de Cataluña e Euskadi. No caso de Ciudadans, a nefasta xestión protagonizada por Albert Rivera arruinou as expectativas xeradas arredor deste partido.

Polo demais, a aparición de Vox complicou os plans do PP para recuperar o terreo perdido despois do trunfo da moción de censura de 2018.

O nacemento, ao comezo de 2020, do goberno de coalición entre PSOE e UP -co apoio de ERC, PNV, Bildu, BNG, Compromís...- certificou a mudanza no modelo de gobernanza que viña caracterizando a vida política no conxunto do Estado dende 1977. **Aquel vello "bipartidismo imperfecto" foi substituído polo que algúns chaman "bibloquismo"**. Esta nova dinámica é a que vai ser sometida ao test da cidadanía o vindeiro 23 de Xullo.

Ao día de hoxe, as sondaxes sinalan un fortalecemento do PP (debido, basicamente, á desaparición de Cidadáns) e un estancamento ou leve descenso do PSOE. Polo tanto, non hai datos demoscópicos que permitan afirmar o retorno inmediato do bipartidismo que nos acompañou durante tanto tempo. **As urnas do 23-X só ofrecerán dúas posibilidades de goberno: a coalición do PP con Vox (xa acordada na Comunidade Valenciana, a pesar do previo negacionismo teatral realizado por Feijoo) ou un acordo entre o abano de forzas que sostiveron ao Executivo de Pedro Sánchez durante os últimos catro anos.** Algúns poderes fácticos desexarían, talvez, unha terceira alternativa -acordo de gobernabilidade entre PP e PSOE- que, na actualidade, resulta inviábel.

O eventual retorno ao bipartidismo tradicional requiriría, en todo caso, **a concorrencia de dúas circunstancias: unha transferencia de votos notoria dende o que hoxe é Sumar cara o PSOE e unha translación significativa de votantes de Vox ao PP.** Que isto suceda vai depender, nunha boa medida, da capacidade de resistencia electoral deses socios dos partidos tradicionais.